

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 70 ESPECIALISTAS XÚNTANSE PARA DEBATER SOBRE O CARCINOMA DIFERENCIADO DE TIROIDES NUNHA XORNADA CELEBRADA HOXE NO CLÍNICO

- *A xornada está organizada por Virginia Pubul, responsable da Unidade de Terapias Isotópicas do Servizo de Medicina Nuclear da Xerencia Integrada de Santiago*

Santiago, 9 de novembro de 2018.- Máis de 70 especialistas en Medicina Nuclear xuníronse esta mañá para debater sobre o carcinoma diferenciado de tiroides nunha xornada que se desenvolveu no Hospital Clínico Universitario de Santiago. *A II Xornada de Actualización en Cancro de Tiroides* estivo organizada pola doutora Virginia Pubul, responsable da Unidade de Terapias Isotópicas do Servizo de Medicina Nuclear da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago.

O carcinoma diferenciado de tiroides (CDT) é o tumor endocrino máis frecuente, pero só constitúe o 1% de todos os tumores. Recibe este nome, porque estruturalmente recorda ao tiroides normal, e en consecuencia, capta iodo, polo que é tributario de tratamento con iodo radiactivo (¹³¹I) no Servizo de Medicina Nuclear. Na Unidade de Terapias Isotópicas da XXIS atenden uns 50 pacientes novos cada ano con esta doenza. Ten un prognóstico moi bo, así como unha supervivencia superior ao 95%, aínda que unha pequena porcentaxe dos mesmos debutan xa coa enfermidade avanzada nestes poucos casos, algúns presentan unha enfermidade que progresa lentamente e outros evolucionan rapidamente.

Un feito fisipatolóxico moi importante é que algúns CDT co tempo sofren un proceso de desdiferenciación celular, que conleva a perda da súa capacidade para captar iodo, o que require un novo enfoque diagnóstico e terapéutico. Isto unido aos tumores cun comportamento distinto ao esperado, facilitou o desenvolvemento de novas opcións terapéuticas baseadas en peculiaridades bioquímico-moleculares e que enlazan coa medicina personalizada.

A xornada reuniu a especialistas no diagnóstico, seguimento e tratamento desta patoloxía: cirurxiáns, médicos nucleares, endócrinos, especialistas en análises clínicas, anatomopatólogos e radiólogos, principalmente.

Saúdos